

Dende o CEIP Barrié de la Maza queremos lembrar a todas as familias que está a súa disposición o acceso telemático do espazoAbalar. Ademais en breve na web do centro estarán dispoñibles tutorías de acceso ao dito servizo.

Que é o espazo Abalar?

O espazoAbalar é unha moderna plataforma desenvolta pola Consellería de Educación e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia con dous obxectivos:

1. Achegar a educación aos cidadáns, incrementando a eficacia dos servizos que se lle proporcionan.
2. Desenvolver as TIC no ámbito educativo, fomentando a participación e motivación do alumnado e loitando contra o fracaso escolar.

O espazoAbalar estase a desenvolver dun xeito continuado no tempo coa inclusión de novos servizos para toda a comunidade educativa. Actualmente dispón dun espazo dedicado ás Familias (espazoFamilias), o que permite aos pais e nais integrarse en maior medida na vida académica dos seus fillos/as, un espazo para os profesores (espazoProfesores) e outro para os centros educativos (espazoCentros). Tamén está a disposición de toda a comunidade educativa un repositorio de contidos educativos dixitais.

Que é o servizo espazo Familias?

O servizo espazo Familias é un dos servizos do portal espazoAbalar que permite aos pais, nais e responsables legais acceder ao **seguimento académico en liña** dos seus fillos/as e **establece unha nova canle de comunicación entre estes e os titores/as**

Como podo acceder ao servizo espazo Familias ?

Actualmente, este servizo está **dispoñible para todos os centros educativos galegos**, polo que para acceder ao servizo espazo Familias **simplemente é necesario que o alumno/a estea matriculado nun centro educativo galego**

O acceso ao servizo espazo Familias realízase a través do portal espazoAbalar na seguinte dirección: <http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>

Unha vez no espazoAbalar, o primeiro paso será acceder aos servizos. A continuación aparecerá unha pantalla na que se solicitará a autenticación do usuario. Esta autenticación pódese realizar a través de dúas vías:

1. mediante DNI electrónico
2. Cun certificado da FNMT.

De todos os xeitos, na propia páxina do espazoAbalar ten á súa disposición unha guía rápida: https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/guia_familias_-_espazoabalar_v.4_galego_v1.1_0.pdf de uso, onde se explican os pasos para o acceso a dito servizo.